

CONVOCATORIA EXTERNA PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/Á O SERVIZO DA EMPRESA MUNICIPAL DE AGUAS DE LA CORUÑA, S.A. E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN (publicada no B.O.P. nº 213, xoves 8 de novembro de 2018)

NOTA INFORMATIVA

Procédese á publicación dos criterios de valoración aplicados polo Tribunal da convocatoria que resultan das bases publicadas no BOP de 8/11/2018.

A valoración de méritos efectúase con arranxo aos seguintes criterios:

a) Inglés: O coñecemento de inglés deberá acreditarse mediante certificado oficial equivalente ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia (MCER).

Valoración: 5 puntos

b) Cursos específicos: serán valorados unicamente cursos específicos en Microsoft Office 2007 ou posterior, contabilidade e atención ao cliente.

Non se valorarán cursos cuxo temario non garde relación coas materias sinaladas.

Os cursos de formación deberán acreditarse con fotocopia do título, con referencia ao número de horas, contidos e datos da entidade formadora (Base 6.8)

A duración mínima dun curso para ser valorado será de 20 horas.

Si os cursos veñen valorados en créditos, a valoración a efectos de equivalencia en horas de formación será dun crédito por cada 10 horas de formación.

Non se teñen en conta como mérito a valorar os seguintes:

- Cursos de Microsoft office anteriores a 2007, así como todos aqueles de informática non directamente relacionados coa materia esixida nas bases. Nos diplomas ou cursos de Microsoft office nos que non se especifica a versión do curso serán aceptados para valorar os realizados con posterioridade a 2007.
- Cursos de contabilidade: nou son obxecto de valoración os cursos relacionados con tributación, fiscalidade, facturación, nóminas, operativa bancaria, control de xestión, campañas de IRPF.

- Cursos de atención ao cliente: non serán valorados os cursos dauxiliar administrativo si non teñen relación con atención ao cliente.

Non se valoran cursos de prevención de riscos laborais, calidade ou similares.

Non se valorarán aquelas titulacións e/ou formación superior á esixida así como os módulos e/ou materias incluídas no plan de estudos para a obtención de devanditas titulacións. Tampouco se terán en conta titulacións superiores alleas ás especialidades requiridas no punto 4 das bases.

Non se teñen en conta como mérito a valorar os seguintes:

- Títulos de licenciatura, diplomatura e FP, así como materias destes ou formación superior (programas máster e de posgrao)

Valoración máxima: 10 puntos

c) Experiencia laboral: se valorará a experiencia laboral en funcións similares ás descritas no punto 5 das bases a partir do mínimo dun ano. A valoración será de 1 punto por cada 6 meses completos.

Para o cómputo de meses partírase da información recogada na vida laboral.

Non se teñen en conta prácticas e/ou bolsas non incluídas na vida laboral do aspirante.

Os certificados de empresa serán obxecto de valoración sempre que inclúan tarefas administrativas.

Valoración máxima: 15 puntos

- Infórmase aos aspirantes que foi detectado un erro na publicación realizada o día 11 de xullo que supuxo que non aparecese nela a primeira liña da última páxina. Esta incidencia afectou ao aspirante con dni 76414444A pois non aparecía na publicación. Este erro foi emendado o día 12 de xullo. O sucedido non ten outras consecuencias nin afecta o prazo de reclamación establecido.

A Coruña, 15 de xullo de 2019
O TRIBUNAL